

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- 1) **Segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía**
  - a) O galego é a lingua oficial de Galicia.
  - b) O galego é a lingua propia de Galicia
  - c) Os idiomas galego e castelán son os idiomas oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
  
- 2) **Cal das seguintes é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?**
  - a) A artesanía.
  - b) As entidades cooperativas.
  - c) A ordenación do sector pesqueiro.
  
- 3) **Escolle a resposta correcta:**
  - a) A parroquia rural goza de personalidade xurídica.
  - b) Á parroquia rural, de conformidade coa Lei 7/2001, de 20 de febreiro, recoñéceselle personalidade xurídica.
  - c) A parroquia rural non goza de personalidade xurídica.
  
- 4) **A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, depende de:**
  - a) Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.
  - b) Presidencia da Xunta de Galicia.
  - c) Consellería de Cultura e Turismo.
  
- 5) **A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en:**
  - a) Agricultura e gandería, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149 da Constitución Española.
  - b) En agricultura e gandería, tal e como se recolle no artigo 36 do Estatuto de Autonomía.
  - c) Ningunha das dúas respostas anteriores son correctas.
  
- 6) **Segundo a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, poderá dirixirse a dita Institución:**
  - a) Calquera persoa natural ou xurídica en calquera momento.
  - b) Toda persoa física ou xurídica que invoque un interese lexítimo antes de que prescriba a infracción que alegue.
  - c) Calquera persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo sen restrición nin limitación algunha.
  
- 7) **A actividade do Valedor do Pobo non se verá interrompida:**
  - a) Pola declaración dos estados de excepción ou sitio, sen prexuízo do disposto na Constitución Española.
  - b) Sempre e cando o Parlamento se encontre reunido, non estea disolto ou expire o seu mandato.
  - c) Interrompese sempre.
  
- 8) **AGADER é:**
  - a) Un ente de dereito público adscrito á Consellería do Medio Rural.
  - b) Un organismo autónomo adscrito á Consellería do Medio Rural.
  - c) Un ente de dereito público adscrito á Consellería de Facenda.
  
- 9) **A propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza:**
  - a) Privada e colectiva
  - b) Colectiva e pública

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

c) Ningunha das anteriores é correcta

**10) Elixe a resposta correcta:**

- a) A calificación catastral informa do tipo de cultivo ou aproveitamento.
- b) A clasificación catastral informa do tipo de cultivo ou aproveitamento.
- c) A calificación catastral informa da intensidade produtiva das parcelas.

**11) Se nos fixamos nas fronteiras competenciais da Xestión Catastral e da Xestión Tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles, diremos que:**

- a) A primeira encárgase do inventario catastral e a segunda da valoración
- b) A primeira responsabilízase do inventario e a valoración catastral e a segunda dos instrumentos cobratorios
- c) A primeira de realizar o Inventario de Bens Inmóbles e a segunda de definir as Ponencias de Valores

**12) Os libros que figuran no Rexistro da Propiedade clasifícanse en:**

- a) Principais e auxiliares
- b) Libros de Inscripcións e Libros especiais
- c) Diario de Anotacións e de Operacións

**13) A Xestión Tributaria do Imposto de Bens Inmóbles corresponde á:**

- a) Administración Central
- b) Administración Municipal
- c) Administración Provincial

**14) A Xestión Catastral corresponde á:**

- a) Administración Central
- b) Administración Autonómica
- c) Administración Local

**15) Sinala a opción verdadeira:**

- a) A inmatriculación dos Bens Inmóbles no rexistro da propiedade é obrigatoria
- b) A declaración dos Bens Inmóbles no Catastro posúe carácter voluntario
- c) Os Rexistradores da Propiedade son funcionarios públicos que están dados de alta como autónomos.

**16) A superficie media de parcela inventariada no Catastro inmobiliario rústico de Galicia, partindo das estatísticas catastrais do ano 2007, publicadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, era de:**

- a) Menos de 1.000 m<sup>2</sup>
- b) Entre 1.000 e 10.000 m<sup>2</sup>
- c) Máis de 10.000 m<sup>2</sup>

**17) A inscrición dun predio no rexistro da propiedade:**

- a) Ten carácter obrigatorio só no caso de que o predio teña consideración urbana según o plan xeral de ordenación municipal vixente
- b) Ten carácter obrigatorio para o propietario en tódolos casos
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**18) Segundo o artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do catastro inmobiliario, teñen consideración de datos catastrais protexidos:**

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- a) O nome, apelidos, razón social, código de identificación, domicilio de quen figuren inscritos no Catastro Inmobiliario como titulares e superficie do predio
  - b) O nome, apelidos, domicilio, teléfono e sexo de quen figuren inscritos no Catastro Inmobiliario como titulares
  - c) Ningunha das anteriores é correcta
- 19) De acordo coa lei 10/1985, de 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a dirección xeral competente na materia poderá:**
- a) Ata a declaración de firmeza de bases definitivas, rectificar o perímetro cando sexa necesario, sempre que sexa aprobado previamente pola Xunta Local.
  - b) Ata a declaración de firmeza do Acordo de Concentración Parcelaria, rectificar o perímetro cando sexa necesario, para adaptalo aos límites de unidades xeográficas naturais ou polas esixencias do plan de obras e melloras territoriais
  - c) Ata a declaración de firmeza de bases definitivas, rectificar o perímetro cando sexa necesario, para adaptalo aos límites de unidades xeográficas naturais ou polas esixencias do plan de obras e melloras territoriais
- 20) De acordo coa lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro:**
- a) As deducións previstas no artigo 34 haberán de afectar na mesma proporción á todos os participantes da concentración.
  - b) Non se aplicará deducción algunha nas aportacións de terra polos particulares participantes na concentración parcelaria.
  - c) As aportacións de terra polos particulares participantes na concentración parcelaria están suxeitas ás deducións de ata un tres por cento para o axuste das adjudicacións das fincas de reemprazo e ata un seis por cento para realizar as obras precisas a que se refire o artigo 61.
- 21) De acordo coa lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a consellería competente en materia de agricultura poderá declarar de oficio caducados, aqueles expedientes de concentración parcelaria que:**
- a) Foran iniciados pero que non se publicara o decreto
  - b) Foran iniciados por decreto e que despois da súa publicación quedaran paralizados por cinco o máis anos sen que ó amparo do mesmo houberan ditado actos administrativos firmes
  - c) Por sentenza firme que así o estableza.
- 22) Segundo a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, considéranse Zonas de Especial Interese Agrario:**
- a) Só aqueles predios concentrados nos dez anos anteriores á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e os que se concentren con posterioridade, sempre que nesos supostos o acordo de concentración sexa firme
  - b) As zonas indicadas no apartado anterior ademais daquelas zonas que sexan así declaradas mediante decreto polo Consello da Xunta
  - c) Tódolos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia
- 23) Entre os destinos que terán os bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de**

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

**Galicia segundo a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, atópanse:**

- a) A primeira instalación de persoas agricultoras mozas así como o establecemento de novos asentamentos.
- b) Incorporación ao patrimonio de entidades sen ánimo de lucro por conveniencia ambiental, declarada polo órgano competente en materia de medio ambiente, ou por outros motivos de interese social determinado
- c) As dúas respostas anteriores son correctas

**24) A cesión á sociedade Bantegal por parte dun particular da xestión do uso e do aproveitamento dun predio rústico do cal sexa titular implica que:**

- a) A persoa propietaria ou titular queda eximido de efectuar os labores de conservación e mantemento do predio do que a xestión foi cedida
- b) A persoa propietaria ou titular pode seguir a realizar a explotación do predio do que a xestión foi cedida, en tanto a Sociedade Bantegal non o ceda a terceiras persoas
- c) A persoa propietaria ou titular non poderá levar a cabo actuacións que alteren de xeito significativo as características de explotación ou o valor do predio do que a xestión foi cedida

**25) Os predios rústicos integrantes do Banco de Terras de Galicia poderanlles ser cedidos pola sociedade Bantegal a terceiras persoas para o seu uso e aproveitamento, tendo en conta que:**

- a) A cesión por un período superior a 5 anos requirirá o consentimento expreso da persoa titular do predio
- b) O prazo de vixencia da cesión non poderá ser superior a 30 anos salvo que exista acordo entre as partes
- c) O prezo tipo fixado no contrato nunca será diferente dos valores que para ese ano teña establecido o Consello da Xunta

**26) A sociedade Bantegal poderá incoar un expediente de declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono nos seguintes casos:**

- a) De oficio, cando do estado da cobertura vexetal presente no predio se poida derivar perdas para os predios lindeiros
- b) A petición de calquera organismo público, cando o estado da cobertura vexetal presente no predio poida afectar á integridade e funcionamento de bens e sistemas públicos
- c) En ningún caso

**27) A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, atribúelle á Sociedade Anónima Xestora Bantegal a titularidade dos seguintes bens:**

- a) Os bens inmobles patrimoniais constituídos polas fincas resultantes dos procesos de concentración parcelaria dende 1992.
- b) Ademais dos citados no apartado anterior, as masas comúns e os predios sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución daquelas zonas de concentración parcelaria que adquiran firmeza con posterioridade á entrada en vigor da citada lei, no momento de adquiriren firmeza
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**28) Segundo o artigo 2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os**

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

**incendios forestais de Galicia, unha Unidade de Xestión Forestal é:**

- a) A superficie forestal, cunha extensión mínima de 15 hectáreas, que está obrigada a manter un instrumento de xestión forestal específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas, e que será obxecto de priorización nas accións de fomento forestal.
- b) Conxunto de predios forestais cunha extensión de 15 hectáreas no que o 50% dos propietarios acceden, voluntariamente, a manter un instrumento de xestión forestal específico
- c) Unidade de reorganización da propiedade forestal que, afectando a un mínimo de 15 ha, conleva un proceso de concentración parcelaria forestal coa construción de novas infraestruturas preventivas básicas

**29) Segundo o artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, terán a maioría legal necesaria para iniciar os trámites conducentes á creación dunha unidade de xestión forestal:**

- a) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% dos predios forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de 15 hectáreas
- b) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de 15 hectáreas
- c) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie cunha extensión mínima de 15 hectáreas

**30) Segundo o artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a aprobación definitiva da unidade de xestión forestal será outorgada por:**

- a) O Consello da Xunta
- b) A consellaría competente en materia forestal
- c) O Delegado da consellaría competente en materia forestal na provincia na que se sitúe a maioría da superficie da unidade de xestión forestal

**31) Segundo o artigo 20 do Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, os órganos da entidade de xestión serán, como mínimo:**

- a) Asemblea xeral
- b) Xunta rectora
- c) Asemblea xeral e xunta reitora

**32) De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os plans de ordenación municipal deberán clasificarlo territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo:**

- a) Urbano, de núcleo rural e rústico
- b) Urbano consolidado, urbano non-consolidado e rústico
- c) Urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico

**33) De conformidade coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terán a condición de solo rústico:**

- a) Os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico.
- b) Os terreos destinados a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, e ambientais

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- c) Todos os terreos que non teñan a condición de urbano ou núcleo rural.
- 34) De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, considerase solo rústico de protección agropecuaria:**
- a) As áreas de cultivo libres de edificación de extensión maior de 100 has
  - b) Os terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da lei ou aqueles que o fosen nos dez anos anteriores a esta data.
  - c) Todos os terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira.
- 35) Cando nunha oficiña de catastro solicitemos unha cédula catastral obteremos:**
- a) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do municipio, sen anotación de lindeiros.
  - b) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do municipio, con anotación de lindeiros.
  - c) Descrición literal da parcela ou parcelas que constitúen a finca, cos seus códigos
- 36) O sistema catastral actual de España posúe:**
- a) Natureza fiscal
  - b) Natureza xurídico-fiscal
  - c) Natureza xurídica
- 37) Segundo a Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, o propietario ou titular que teña cedida a xestión dun predio rústico ao Bantegal poderá solicitar o rescate de dita cesión:**
- a) En calquera momento
  - b) Só no caso de que o titular ou propietario se incorpore a actividade agraria
  - c) En calquera momento, agás no caso de arrendamento a un terceiro
- 38) A sociedade Bantegal, no momento da cesión dun predio rústico a terceiros, poderá establecer unha comisión por gastos de xestión sobre o prezo establecido, a descontar das liquidacións efectuadas á persoa titular do predio, do seguinte importe:**
- a) Non inferior ao 1%
  - b) Non superior ao 5%
  - c) Non superior ao 10%
- 39) Segundo o artigo 23 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (e modificacións posteriores):**
- a) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 90 % do aproveitamiento tipo da área de reparto correspondente.
  - b) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 85 % do aproveitamiento tipo da área de reparto correspondente.
  - c) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 80 % do aproveitamiento tipo da área de reparto correspondente.
- 40) ¿ Que é a comisión promotora da Uxfor?**
- a) É o conxunto das persoas propietarias de terreos forestais que, xunto a outras

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

persoas ou entidades públicas ou privadas non propietarias, asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor.

- b) É o conxunto de persoas propietarias de terreos forestais e outras entidades públicas ou privadas non propietarias que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor.
- c) É o conxunto das entidades públicas ou privadas non propietarias, que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor.

**41) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, a propiedade dos montes en man común é:**

- a) De natureza privada e colectiva.
- b) De natureza pública.
- c) De natureza colectiva.

**42) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, os montes veciñais en man común:**

- a) Non poden ser obxecto, en ningún caso, de cesión temporal, xa que ten carácter de inalienables
- b) Porán ser cedidos de forma indefinida, aos comuneiros, sempre que se cumpra o establecido no artigo 18.1 da Lei
- c) Pese a súa inalienabilidade porán ser obxecto de cesión temporal, en todo o en parte, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1

**43) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia**

- a) A clasificación como monte veciñal corresponde a Dirección Xeral competente en materia forestal.
- b) A clasificación como monte veciñal levarase a cabo polos Xurados Provinciais na forma prevista na Lei o no seu Regulamento
- c) A clasificación como monte veciñal corresponde ao Conselleiro competente en materia forestal

**44) Que é o formato vectorial?**

- a) É unha forma de tratamento e representación espacial de entidades mediante a asignación dun par de datos para cada punto, tal que o seu valor é o das propias coordenadas cartesianas.
- b) É unha forma de tratamento e representación espacial das entidades mediante a disposición de celas ou píxeles en forma de matriz numérica ou rede de niveis dixitais.
- c) É unha metodoloxía de interpretación da información dixital contida nuha ortofotografía.

**45) Como é o sensor HRV(high resolution visible) que vai abordo do satélite SPOT.?**

- a) É un sensor sensible ao espectro visible e ao infravermello próximo e ten dous modos de funcionamento, pancromático e multibanda.
- b) É un sensor sensible solo ao espectro visible.
- c) É un sensor multibanda que discrimina a información en 7 bandas, tres no visible e 4 no infravermello.

**46) Que é o formato BIL?**

- a) Formato de grabación da imaxen de bandas intercaladas por liñas, consistente na disposición de unha mesma liña de barrido en todas as bandas

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

sucesivamente, seguida da seguinte liña en todas as bandas, e así sucesivamente.

- b) Formato de grabación de unha imaxe de bandas intercaladas por pixel, consistente na disposición de unha mesma celdilla en todas as bandas sucesivamente, seguida da seguinte celdilla da mesma liña de varrido en todas as bandas, e así sucesivamente hasta completar as liñas e a escena enteira.
- c) Formato de grabación de imaxe de bandas secuenciais, consistente na disposición de todas as celdillas da imaxe en unha mesma banda antes de pasar a seguinte banda. A orde dentro de cada banda é a de completar liñas antes que columnas.

**47) Que é o ETRS89?**

- a) Un sistema xeodésico de referencia
- b) Un sistema de proxección
- c) Un sistema de coordenadas

**48) Cal destes softwares é vectorial?**

- a) ENVI
- b) GRASS
- c) Ningún dos anteriores

**49) Cal é a diferenza entre parcela e recinto dentro da base de datos do SIXPAC?**

- a) A parcela é una subunidade que está incluída no recinto a cal ten un uso asociado.
- b) O recinto é un grupo de parcelas completas que teñen un mesmo uso.
- c) Os recintos son porcións de parcelas cun uso homoxéneo.

**50) Según os datos de Eurostat da Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas do ano 2007, a porcentaxe de Superficie Agraria Utilizada que está en réxime de arrendamento en Francia, en relación á Superficie Agraria Utilizada total:**

- a) É inferior ao 20%
- b) Atópase entre o 40% e o 60%
- c) Supera o 60%

**51) De media, e según os datos da Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas do ano 2007, as explotacións que utilizan en réxime de arrendamento superficie agrícola en Galicia, arrendan:**

- a) Menos de 10 ha
- b) De 10 a 20 ha
- c) Máis de 20 ha

**52) Segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005, a superficie de cultivo e de prados e pasteiros en Galicia é de:**

- a) 873.236 ha
- b) 1.290.452 ha
- c) 1.672.345 ha

**53) As Zonas de Intervención Forestal son instrumentos de ordenación e xestión forestal, con certas semellanzas ás Unidades de Xestión Forestal, impulsados en:**

- a) Francia
- b) Italia
- c) Portugal

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- 54) Cal foi o crecemento da poboación galega entre 1988 e 2007 segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE)?
- a) 1,8%
  - b) 4,5%
  - c) 0,5%
- 55) Cal é o grao de envellecemento en Galicia no 2007 segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE)?
- a) 135,2 %
  - b) 46,7 %
  - c) 345,8 %
- 56) Cal destes tres é o municipio con maior presenza, en termos relativos, de inmigrantes en Galicia segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no 2007?
- a) Carballada de Valdeorras
  - b) Mazaricos
  - c) Vigo
- 57) Cal era no 2007 o concello mais envellecido de Galicia segundo Instituto Galego de Estatística (IGE)?
- a) A Teixeira
  - b) Betanzos
  - c) A Pastoriza
- 58) Que porcentaxe da superficie total da Unión Europea (EUR/25) corresponde a Galicia segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005?
- a) 0,74 %
  - b) 0,50 %
  - c) 0,25 %
- 59) Segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005, o número de animais (miles de cabezas) da raza bovina en Galicia, España e a UE(25) respectivamente, foi de :
- a) 980 / 6.464 / 85.851
  - b) 345 / 5.677 / 200.000
  - c) 5.755 / 65.994 / 455.000
- 60) Segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005, o número de porcino-cebo (miles de cabezas) en Galicia, España e a UE(25) respectivamente, foi de:
- a) 881,38 / 22.225,94 / 136.646,31
  - b) 345,77 / 56.997,65 / 200.087,64
  - c) 1230,62 / 65.994,98 / 455.012,76
- 61) Cal foi a produción de carne de bovino en Galicia no ano 2005, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?.
- a) 96.089,73 Tm
  - b) 345.645,34 Tm
  - c) 12.988,45 Tm
- 62) Cal foi a renda agraria en Galicia (en miles de €) no 2005, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?
- a) 1.045.587,721

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- b) 3.987.345,765  
c) 6.938.330,345
- 63) Que superficie, en hectáreas, se dedica ao cultivo de tubérculos en Ourense, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005?.**
- a) 6.281 ha  
b) 3.350 ha  
c) 1.360 ha
- 64) Que superficie aproximada, en hectáreas, dedica Galicia ao cultivo de cereais en gran, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005?.**
- a) 27.098 ha  
b) 85.085 ha  
c) 50.855 ha
- 65) Cal foi o prezo da terra do labradío secaño (euros/ha) máis frecuente en Ourense no ano 2005 segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?.**
- a) 11.800  
b) 6.660  
c) 15.845
- 66) Segundo a enquisa da estrutura das explotacións agrícolas do ano 2007, ¿que porcentaxe supón a superficie en réxime de propiedade en Galicia?.**
- a) Menos do 40%  
b) Do 40% ao 70%  
c) Máis do 70%
- 67) De acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, os catálogos da paisaxe serán aprobados por:**
- a) O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de medio rural.  
b) O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de medio ambiente.  
c) O Conselleiro competente en materia de medio ambiente por proposta da Consellería competente en materia de ordenación do territorio.
- 68) De acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, as directrices de paisaxe son:**
- a) As determinacións que baseadas nos catálogos de paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar.  
b) Os obxectivos básicos de calidade paisaxística establecidos na propia Lei.  
c) Os obxectivos básicos de calidade paisaxística que se establecen en cada Plan de acción da paisaxe en áreas protexidas.
- 69) De acordo coa Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza:**
- a) As transmisións onerosas *inter vivos* de bens inmobles, situados total ou parcialmente no ámbito dun espazo natural protexido, están suxeitas ós dereitos de tanteo e de retracto por parte da Administración Autonómica.  
b) Todas as transmisións *mortis causa* de bens inmobles situados total ou parcialmente no ámbito dun espazo natural protexido están suxeitas ós dereitos de tanteo e de retracto por parte da Administración Autonómica.  
c) Non existe ningunha disposición dentro da Lei, sobre a transmisión de bens

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

inmobles situados total ou parcialmente no ámbito dun espacio natural protexido.

**70) O artigo 4 da Lei 49/2003, de 26 de novembro, de arrendamentos rústicos, establece que:**

- a) Unha mesma finca pode ser susceptible de diversos arrendamentos simultáneos, cando cada un teña como obxecto distintos aproveitamentos compatibles e principais
- b) Unha mesma finca non pode ser susceptible de diversos arrendamentos simultáneos
- c) Unha mesma finca pode ser susceptible de como máximo dous arrendamentos simultáneos cando cada un teña como obxecto distintos aproveitamentos compatibles e principais

**71) Según o artigo 13 da Lei 49/2003, de 26 de novembro, de arrendamentos rústicos, a renda:**

- a) Fixarase en diñeiro e será a que libremente estipulen as partes. Non obstante, si a fixaran en especie ou parte en diñeiro e parte en especie, levarán a cabo a súa conversión a diñeiro
- b) Fixarase en diñeiro e será a que libremente estipulen as partes. Non se admitirán pagos en especie
- c) Fixarase en diñeiro e será a que libremente estipulen as partes. Non obstante, si a fixaran en especie deberán explicitar no contrato o tipo de especie e cantidade da que se trate

**72) De acordo coa Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, os plans territoriais integrados dirixiranse a:**

- a) Organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou daquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, precisan dunha planificación infraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado.
- b) Determinar os organismos e Administracións responsables da execución dos plans rexionais de infraestruturas
- c) Identificar, cartografiar e establecer as normas supramunicipais específicas dirixidas á conservación das superficies de alto valor agrario

**73) De acordo co "Land Administration Guidelines" publicado polas Nacións Unidas en 1996, a "administración da terra" defínese como:**

- a) O proceso polo cal a terra e a información sobre a terra pode ser eficientemente manexado
- b) A forma xestionar o recurso terra, determinando os usos que de ela se fai
- c) O coñecemento da distribución espacial da propiedade

**74) A "administración da terra" se baséase en:**

- a) No coñecemento da configuración xeográfica da propiedade
- b) No coñecemento da propiedade, dos usos e do valor da mesma
- c) As limitacións legais que os planeamentos fan do uso da terra

**75) O proceso de "restitución da terra" levado a cabo nos países do leste de Europa tras a caída do muro de Berlín, consistiu en:**

- a) Na compensación económica aos antigos propietarios da terra polas expropiacións sufridas na etapa comunista

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras (Opción B-Galego)

- b) A restauración dos dereitos de propiedade aos antigos propietarios
- c) A desaparición das granxas de titularidade estatal en favor da repartición da propiedade entre os traballadores de ditas granxas